

Avance dos resultados da campaña de escavación 2006

Víctor Tomás Botella (AXA Arqueoloxía, S.C.)

A actuación arqueolóxica da campaña do 2006 tivo como obxectivo a escavación en área en dúas zonas do xacemento, como continuación dos traballos feitos no ano 2003 e a fin de completar o coñecemento dos elementos arqueolóxicos detectados daquela.

A campaña de escavación levada a cabo, aínda que teñamos que agardar ao remate do estudo dos elementos exhumados para a súa definitiva interpretación e avaliación, podemos cualificala como positiva no que respecta aos seus resultados científicos e patrimoniais, dado que permitirá afondar no coñecemento dos dous sectores do castro onde se vén investigando nestes anos: no antecastro oeste, na plataforma meridional sobre o camiño cuberto de acceso, e na entrada leste ó interior do recinto, posiblemente a principal, a través do forte sistema defensivo aquí existente.

Se ben na área do antecastro oeste non se cumpriu a expectativa de acadar un mellor coñecemento da estrutura singular exhumada no ano 2003, o que non permite, polo menos ata este momento, atinar coa súa funcionalidade, si foi posible delimitala pola banda leste, así como a gran construción rectangular situada sobre o camiño de entrada, reafirmando a diacronía entre ámbalas dúas, xa ben testemuñada, cun máis completo rexistro da súa relación estratigráfica. Foi tamén posible completar o coñecemento sobre certos aspectos particulares de ambas construcións. Todo elo permite, neste sector, se ben polo momento debamos agardar ás inevitables matizacións que unha máis

pausada análise ofrezca, discorrer as seguintes consideracións:

- Nesta nova área aberta ten continuidade o nivel inferior con derruba de pallabarro que testemuña a existencia dunha fase previa de construcións realizadas con materiais perecedoiros.
- Foi delimitada a estrutura singular no seu eixe NL-SO, repetíndose o remate en esquina arredondada; o feito de que o muro NO-SL que a pecharía polo leste estea totalmente destruído, non permitiu unha mellor observación das súas características ou particularidades. O único que puido documentarse foi a existencia dun novo espazo, moi estreito, entre o muro medianeiro central e o de peche agora exhumado. O interior non re-

sultou fértil no que respecta a material arqueolóxico, polo que non podemos especular sobre o seu posible uso.

- No que respecta á construción rectangular puido, tamén, ser reconecido o seu esquinaleste, disposto en ángulo de $\pm 90^\circ$, moi ben conservado. É posible, dada a altura neste punto de case 1 m no interior, confirmar as diferenzas de tratamento e factura entre os paramentos interno e externo, este último moito máis descoidado, con apoio, como xa fora descrito, en coios de seixo e sen procura de verticalidade nin regularidade na súa fábrica. Este feito, e a salientable diferenza de cota de implantación e uso entre o exterior e o interior, obriga a pensar que o paramento ex-





terno non estivo á vista, exhumándose a súa cimentación, polo que, dada a cota na que se detecta a pavimentación interior, poderíamos estar diante dunha construción parcialmente hipoxea, escavada nun corte da plataforma do terreo nese momento existente, que cubriría os restos anteriores, incluída quizá a outra estrutura, xa en desuso e parcialmente destruída.

No sector do acceso leste ó xacemento, unha vez confirmada a existencia desta entrada ó castro na

campana de 2003, foi posible completar o coñecemento adquirido daquela exhumando o total da súa lonxitude, que permitiu documentar un corredor arquitectónico monumental que supera os 15 m, cunha anchura variable entre os 3,20 m no seu cabo oeste e os 2,80 m no leste. No inicio deste corredor recuperáronse as pegadas, en forma de rozas verticais nos paramentos das murallas, da porta que pechaba o paso ó interior do recinto. As consideracións que se poden facer son as seguintes:

- Puidéronse documentar os muros laterais que crean o co-

rredor de entrada na muralla, que contaban cunha gran monumentalidade, co uso no seu aparello de pedras dun gran tamaño e volume, que lles prestaba gran solidez defensiva. Estes muros, na superficie aberta na campaña actual, foron exhumados en mal estado de conservación, aparecendo derrubados a moi pouca altura da rasante do camiño que flanquean, conservando unicamente dúas ou tres fiadas “in situ”. É de salientar o “retranqueo” existente no batente dereito, en relación á aliñación coñecida no ano 2003; a existencia do muro de aliñación retrasada respecto ó anterior, xunto coas características da súa fábrica, que o achegan mellor ó concepto de muralla defensiva, deixa a incógnita da relación entre estas dúas liñas de muro, a súa sincronía ou diacronía. Futuros traballos que completen o recoñecemento da traza da muralla na súa inflexión cara ao interior da croa, poderán axudar á mellor definición da estrutura defensiva.

- A presenza de chanzos no paramento da muralla no flanco interior da mesma aberto no ano 2003, así como algúns vestixios recoñecidos noutros puntos deste elemento, fan pensar na posibilidade de que se trate dunha muralla escaleirada, para a súa mellor estabilidade. Será preciso completar a exhumación desta estrutura e afondar no co-

ñecemento dos seus vestixios en futuras escavacións para asegurar a súa interpretación arquitectónica.

No sector da entrada ao interior da croa, descubriuse a continuación do camiño de acceso con parte do seu empedrado orixinal, camiño flanqueado á esquerda por unha construción, presumiblemente de tipo doméstico, que unicamente foi exhumada en parte. No seu interior recolleuse un interesante conxunto de materiais, entre os que cabe salientar os pertencentes a adornos corporais, caso dos restos dun colgante de ouro ou un alfinete de bronce e moedas, unha delas de prata, baixo do seu pavimento. A riqueza cuantitativa e cualitativa dos restos materiais asociados a esta construción, xunto co particular da súa situación, a pouca distancia do arco sur da muralla cara á cal puidera dirixirse un ramal do camiño de acceso, fai necesario a continuación da escavación desta, a fin de acadar un mellor coñecemento da configuración urbanística do castro neste sector da entrada e dos camiños de tránsito interior que a partir del se crean.

Varias son as consideracións a facer respecto desta área:

- A escavación da nova estrutura descuberta neste sector da entrada permitiu recoñecer, aínda que fora de xeito incompleto, unha nova unidade habitacional do xacemento, que semella conformar, ata o visto, unha planta ovalada ou rectangular de esquinas redondeadas, tipoloxía común do mundo galaico-romano,



no que cadra ben pola adscrición cultural dos restos mobles con ela directamente relacionados.

- Esta construción implanta, cimentando o seu muro sobre ela, nunha plataforma ou terraza que se eleva sobre o camiño que flanquea; hai que supoñer a esta plataforma, primeiramente, unha función niveladora do terreo, aínda que tamén puidera xogar un papel illante respecto das humidades do mesmo e dos leitos que supoñen os camiños. Esta solución está moi presente en todo o interior do xacemento, semellando ser unha forma de optimizar o espazo construtivo en relación ás vías interiores de deambulación, o que debe responder a súa planificación urbana.
- Foi importante documentar a continuación do camiño de entrada ata o interior da croa

do castro, camiño principal do que xorden outros ramais cara diferentes direccións para facilitar ó acceso aos diferentes barrios e sectores. O seu empedrado, mal conservado, se perde, pero a súa traza semella continuar nunha dobre dirección: ao oeste, cara á parte central da croa e ao SO, cara á base da muralla, como semella sinalalo a ringleira de seixos brancos que serve de delimitación á plataforma devandita, mesma solución vista noutros puntos do xacemento, trazando, quizá, un “camiño de rolda”.

A campaña de escavación arqueolóxica deste ano pretendía dar resposta a algúns dos interrogantes suxeridos nas anteriores campañas, pero os novos interrogantes xurdidos terminan impondo a necesidade de dar continuidade en próximas campañas ao traballo agora realizado.



Campo de traballo no Castro de Viladonga

Durante a *campaña de escavación arqueolóxica e consolidación* no Castro de Viladonga do ano 2006, financiada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, desenvolveuse o primeiro Campo de Traballo, en colaboración co Servizo de Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar.

Neste Campo de Traballo participaron 46 rapaces/as de todas as comunidades do Estado. Desenvolveuse en dúas quendas: na 2ª quincena de xullo e na 1ª de agosto, con xoves entre 18 e 30 anos.

Os participantes visitaron as instalacións do Museo e recibiron información do Xacemento, das áreas a escavar e da metodoloxía da intervención.

Dirixidos por persoal técnico da empresa de arqueoloxía que levou a cabo a escavación e coordinados polos monitores do campo de traballo, colaboraron de forma activa nas tarefas de desbroce da vexetación, extracción de estruturas e materiais así como nas tarefas de limpeza, lavado e siglado de materiais no Museo.

Esta experiencia resultou moi positiva para o Museo. Consideramos que se acadaron os obxectivos

previstos: chegar á arqueoloxía á xuventude a través da participación activa na intervención na escavación, coñecer o funcionamento do museo arqueolóxico in situ, sensibilizar da importancia da conservación do Patrimonio Arqueolóxico como valor social e cultural, e coñecer e promover o Castro, o Museo e a comarca onde se ubican.

Ao longo do campo de traballo, o Museo e o Castro de Viladonga recibiron un gran número de visitantes así como a visita das personalidades representativas das institucións que financiaron e colaboraron neste proxecto.

Viladonga 2006



Publicado en versión electrónica en:

<http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/es/mcroa1605.htm> · <http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/ga/mcroa1605.htm>